



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VEDRA

##### Secretaría-Intervención

*Modificación das Normas de Funcionamento da EIM (RRI)*

#### ANUNCIO

*Aprobación modificación das Normas de Funcionamento (RRI) da EIM*

*(Expediente núm. 2024/G013/000001)*

O Pleno do concello en sesión celebrada o 30.10.2024 acordou aprobar a modificación das Normas de Funcionamento da EIM, aprobadas con data 31.07.2024 (BOP núm.185/25, do 25 de setembro) para adaptalas á normativa vixente da gratuidade das escolas infantís 0-3 anos.

A modificación afecta aos artigos 5.2, 25.3 e 27.1, quedando redactados do seguinte xeito:

#### **Artigo 5.2 (parágrafo 7): Procedemento de reserva de praza e ingreso.**

*“A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 5 días lectivos sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade, de acordo coa normativa reguladora das escolas infantís e posteriores modificacións neste ámbito”*

#### **Artigo 25.3: (parágrafo 3) Normas xerais réxime de cobramento.**

*“A non asistencia á escola infantil 0-3 anos durante un período de 5 días lectivos sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade, de acordo coa normativa reguladora da gratuidade das escolas infantís e posteriores modificacións neste ámbito. Nestes casos procederase a emitir resolución polo órgano competente, que será notificada aos proxenitores /as, titores/as ou representantes legais do alumnado, concedéndolles o dereito de alegacións previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)”*

**Artigo 27.1 (/parágrafo 1): Réxime de reserva de praza para o caso de ausencias e causas de baixa. Suspensións temporais.**

*“A non asistencia á escola infantil durante un período de 5 días lectivos sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade, de acordo coa normativa reguladora da gratuidade das escolas infantís e posteriores modificacións neste ámbito. No caso de ausencias superiores ao prazo establecido na normativa reguladora de gratuidade a familia solicitará por escrito xunto coa documentación xustificativa a suspensión temporal no Rexistro Xeral do Concello de Vedra ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP. O órgano competente emitirá a resolución e, no caso de ser favorable a suspensión temporal, o centro reservará a praza do/a alumno/*

De conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, sométese a información pública polo prazo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinado e expediente completo na Secretaría do concello aos efectos de que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións ou suxestións que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións no citado prazo o acordo entenderase definitivo.

Vedra, 31 de outubro de 2024

O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo

2024/7696